

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS XUNTA DE GALICIA PARA MAÑÁ, MÉRCORES, 8 DE XULLO DE 2026

PRESIDENCIA

PARLAMENTO

10,00 h.- O titular do Executivo galego, Alfonso Rueda, responderá no Pleno as preguntas dos grupos parlamentarios.

PIÑOR (Ourense)

12,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, participará nun acto de balance da fase final do Plan de investimentos para a creación de prazas de atención para persoas maiores.

TURISMO DE GALICIA

A RÚA (Ourense)

13,00 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, asistirá á presentación do festival O Son da Estación, no marco dos Concertos do Xacobeo.

BAIONA (Pontevedra)

12,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, presentará a programación do *Ciclo Orballo Cultural* no Concello de Baiona, no marco dos Concertos do Xacobeo.

A GUARDA (Pontevedra)

17,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, presentará a programación do *Ciclo Orballo Cultural* no Concello da Guarda, no marco dos Concertos do Xacobeo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA

A CORUÑA

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, participará na presentación do concerto *Yandel Sinfónico*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, xunto ao director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, asistirán á toma de posesión do Coronel Luis Boque Torres como Xefe do Aeródromo Militar de Santiago.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

MONFERO (A Coruña)

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará a asociación Fomento Forestal.

FERROL

13,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, participará no peche do campus *Compartindo o Norte*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

LUGO

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación da proba deportiva Games Series.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEAREAS (Pontevedra)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará aos participantes do programa *ConciliaTEA*.

PONTEVEDRA

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, reunírase coa nova vicerreitora do campus de Pontevedra, María Fernández Villarino.

18,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará na entrega de premios do Campionato de Europa U17 do Pentathlon World Series.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

O PORRIÑO (Pontevedra)

10,00 h.- A delegada da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á presentación do obradoiro dual *O Porriño Eco-Necta* e do programa *Galicia Suma Talento*.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO

13,00 h.- (aprox.) O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, responderá no Pleno dúas preguntas relacionadas coas actuacións da Xunta en relación cos danos ocasionados polas riadas do pasado 17 de xuño.

PORTO (Portugal)

Convocatoria en hora local, 17,30h. en Galicia

16,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado do director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participará na clausura da xornada de peche do proxecto Atempo (Asistencia Transfronteiriza de Emerxencias) liderado pola Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e con colaboración doutras institucións de Galicia, Castela e León e Portugal no marco do Programa de Cooperación Territorial Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Previamente, ás **09,30 h.**, o director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, participará na inauguración da xornada.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

RUBIÁ (Ourense)

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañará á S.M. a Raíña Dona Sofía na súa visita ás actuacións de restauración da alvariza situada no Parque Natural Serra da Enciña da Lastra promovidas ao abeiro dun convenio entre a Xunta e a Fundación Reina Sofía.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FOLGOSO DO COUREL (Lugo)

12,30 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañará á S.M. a Raíña Dona Sofía na súa visita ao Concello para asistir á presentación das actuacións de restauración do soto de Vilar, afectado polos incendios forestais, promovidas ao abeiro dun convenio entre a Xunta e a Fundación Reina Sofía.

A continuación, **ás 13,00 h.**, desprazaranse ata o soto da Devesa para coñecer a zona na que se vai actuar.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PARLAMENTO

13,10 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, responderá no Pleno unha interpelación relacionada coa actividade do seu departamento.

16,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, responderá no Pleno unha pregunta relacionada coa actividade do seu departamento.

SAN CAETANO

12,00 h.- A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, Judith Fernández, manterá unha reunión con Executivas de Galicia no marco do programa *Edureferentes*.

SANTANDER

15,30 h.- A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na mesa redonda *A investigación no territorio* no marco do encontro *Políticas Públicas para a Ciencia e Retos Científicos* organizado polo CSIC e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PARLAMENTO

16,25 h.- (aprox.) A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá unha interpelación relacionada con asuntos do seu departamento.

17,05 h.- (aprox.) A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, responderá unha pregunta oral no Pleno.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

11,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Cerdido, Alberto Rey.

MARÍN (Pontevedra)

13,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, dará conta da licitación das obras da senda entre Cadro e Cadrelo, na estrada PO-313.

PARLAMENTO

17,20 h.- (aprox.) A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, responderá a unha pregunta en materia de vivenda.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

PARLAMENTO

10,45 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, participará na *Xornada de coñecemento e prevención do cancro cutáneo* organizada polo Parlamento de Galicia.

17,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, responderá no Pleno do Parlamento a unha pregunta sobre as medidas previstas pola Xunta respecto do servizo de radioterapia do Hospital Universitario Lucus Augusti.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

LUCCA (Italia)

10,00h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, reunirase coas persoas participantes do programa *Galicia Moza con Alma*.

Posteriormente, ás **12,30h**, visitará outros participantes desta estada formativa.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación do libro *O salmón do Ulla*, de Miguel Piñeiro e Alberto Torres.

MADRID

12,00 h.- O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, participará no Pleno Real Patronato do Museo Nacional del Prado.

16,00 h.- O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, e o director da Casa en Galicia, Luis Ramos, reuniranse con membros dos ministerios de Cultura e de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación en relación á candidatura *Ribeira Sacra. Paisaxe da auga* a Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

A ESTRADA (Pontevedra)

19,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da exposición *Onde o corpo asenta*, de Rocío Carbia.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado polo director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará no acto de inauguración da edición 2026 do programa autonómico *Escolas Abertas*, concibido para garantir a difusión da cultura galega no exterior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CORUÑA

10,00 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará no *Demo Day* do Programa Innovación e Talento Novo, impulsado pola Xunta a través de Rede de polos de emprendemento, pola plataforma U4impact e polas universidades públicas galegas.

XINZO DE LIMIA (Ourense)

20,30 h.- O director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, tomará parte no evento *Polo Tour 2026*, organizado desde o Polo de emprendemento e apoio ao emprego de Verín coa colaboración da Asociación de Empresas e Comercios da Limia (Prolimia).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PARLAMENTO

13,40 h.- (aprox.) A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, dará resposta a unha interpelación no Pleno da Cámara relacionada coa actividade do seu departamento.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asistirá á xornada *Food Insights / The Great Reset* sobre *Como adaptarse aos cambios que están a definir os mercados e o consumo*, organizada polo Clúster Alimentario de Galicia.

PONTEAREAS (Pontevedra)

11,00 h.- O director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, realizará unha visita a un pasteiro desenvolvido no monte Galleiro. Posteriormente, achegarase ata o municipio de Covelo para visitar outros dous pasteiros situados nos terreos das comunidades de montes veciñais en man común de Casteláns e de Prado da Canda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

SAN CAETANO

11,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asinará o convenio coa Confraría de Rianxo para recuperar os seus bancos marisqueiros.

PARLAMENTO

17,45 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, responderá no Pleno unha pregunta sobre o desenvolvemento de actuacións para a recuperación dos bancos marisqueiros a través do Seaga.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,15 h.- A presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, reunirse co alcalde de Noia, Francisco Pérez, para actuacións no municipio.

11,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón e a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, reuniranse con representantes da Confraría de Camelle.

11,00 h.- A presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, recibirá ao alcalde do Porto do Son, Luis Oujo, para avaliar melloras para os peiraos do municipio.

12,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, reunirse con representantes da Organización de Produtores Ostreícolas de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal